

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 3 DE NOVEMBRO DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada LU-614 (A Pobra de San Xiao-A Pobra de San Xiao) desde o p.q. 0+000 ata o p.q 1+160 a prol do Concello de Láncara.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas perceptoras das pensións do Fondo de Asistencia Social e das persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, a Consellería do Medio Rural e a entidade pública empresarial RED.es, para o desenvolvemento de actuacións na Comunidade Autónoma de Galicia destinadas á posta en marcha dunha rede de emerxencias, por un importe total de seis millóns cincocentos vinte e cinco mil euros (6.525.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a adhesión do Concello de Pantón (Lugo) á Axencia de Protección de Legalidade Urbanística.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto denominado "Refundición da LAT 132 kV O Corgo - Triacastela" (concellos do Corgo, Baralla, Becerreá e

Triacastela (Lugo)), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), Portos de Galicia e o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), para a realización dun estudo da capacidade de integración da eólica de pequena potencia nos portos de Galicia, por importe máximo de cincuenta e cinco mil euros (55.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual por parte da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Economía e Industria, en relación coas axudas convocadas nos anexos I e II da Orde da Consellería de Economía e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión das axudas correspondentes ás prórrogas que se inician no ano 2011 dos programas Isidro Parga Pondal (adxudicación do ano 2008) e Isabel Barreto (adxudicación do ano 2009), correspondentes a contratos de investigadores en centros alleos ao sistema Universitario de Galicia (SUG), ao abeiro das accións financiadas polo FSE de formación de investigadores, do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015, e se procede á súa convocatoria, por importe de un millón catrocentos sesenta e oito mil setecentos euros (1.468.700,00 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a validación do sexto acordo de prórroga do concerto suscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde, no período do 1 xullo de 2011 ao 30 de xuño de 2012, por un importe total de catro millóns oitocentos trinta e oito mil cincocentos cincuenta e sete euros con sesenta e oito céntimos (4.838.557,68 euros).
- Acordo polo que se autoriza a validación do quinto acordo de prórroga do concerto suscrito entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde, no período do 1 xullo de 2011 ao 30 de xuño de 2012, por un importe total de cincuenta e oito mil setecentos dezanove euros con sesenta e sete céntimos (58.719,67 euros).
- Acordo polo que se autoriza a validación do quinto acordo de prórroga do concerto suscrito entre a Universidade da Coruña e o Servizo Galego de Saúde, no período do 1 xullo de 2011 ao 30 de xuño de 2012, por un importe total de un millón cento setenta e catro mil cincocentos sesenta e catro euros con oitenta e tres céntimos (1.174.564,83 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente anticipado de gasto para a contratación da xestión do servizo público, mediante concerto, para reserva e ocupación de 110 prazas de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia na área social AS5 de Pontevedra (concellos de Catoira, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa e A Illa de Arousa), e subsidiariamente, para o suposto de que non se cubran todas as prazas na devandita área, faríase extensiva a concertación ás áreas sociais máis próximas á AS5, que son as seguintes: área social AS7 (concellos de Ribadumia e Cambados), área social AS6 (concellos de Caldas de Reis, Valga, Pontecesures, Portas e Moraña), área social AM3 (concellos de Poio, Vilaboa, Marín, e Bueu), área social AU7 (concello de Vigo) e área social AM4 (concellos de Cangas, Moaña, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Soutomaior e Salvaterra de Miño), por procedemento aberto e tramitación urxente, por un importe total de cinco millóns oitocentos vinte e nove mil vinte e sete euros con setenta e oito céntimos (5.829.027,78 euros), (expediente PA 34/2011).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coas asociacións provinciais de control leiteiro (AFRICOR) da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, para desenvolver as funcións do Centro Galego de Control Leiteiro (CEGACOL) e participar no desenvolvemento do programa de mellora xenética frisón de Galicia 2011-2015, por un importe total de 3.200.000,00 euros e eximir estas asociacións da obriga de constituír garantías nos pagamentos parciais de ata o 80 por cento da subvención concedida, a medida que se xustifiquen os gastos efectuados á conta da liquidación.

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o nomeamento de persoal emérito da Consellería de Sanidade no ano 2011.
- Informe sobre o Cluster Saúde.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DA RÚA BENIGNO QUIROGA (LU-614) A PROL DO CONCELLO DE LÁNCARA


- ***A entrega formalizarase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia***
- ***A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sinala que a necesidade de cesión deste tramo se dá porque a vía adquiriu as características de treito urbano***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o cambio de titularidade da rúa Benigno Quiroga que transcorre pola localidade da Pobra de San Xiao (LU-614), a prol do concello lucense de Láncara. Este traspaso faise necesario porque a vía adquiriu características de treito urbano. Para iso a Consellería Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Dirección Xeral de Infraestruturas, estudou e considerou adecuado o cambio de titularidade deste treito e, de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes, a transferencia da titularidade.

Esta vía ten unha lonxitude total de 1,16 quilómetros e pertence á rede secundaria de estradas da provincia de Lugo. Esta estrada presenta beirarrúas en todo o seu percorrido, edificacións e servizos urbanos que fan que o tráfico teña características urbanas, actuando a dita vía a modo de rúa do concello.

A entrega da vía formalizarase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.





O Concello de Láncara, a partir da formalización da entrega, deberá ser responsable de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía. Tamén se ocupará do exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que poida corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

O Decreto 308/2003 prevé a posibilidade do cambio de titularidade de estradas a prol dos concellos, con especial referencia a aquelas susceptibles de seren transferidas por non dar continuidade a itinerarios ou ser treitos de estradas en que se fixeron variantes de trazado. No artigo 5 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, indícase que os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma deberán ser aprobados por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas.

A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 9,5 MILLÓNS DE EUROS AO COMPLEMENTO EXTRAORDINARIO DE 206 EUROS QUE RECIBIRÁN 46.000 PENSIONISTAS

- *Os beneficiarios deste complemento percibirán a axuda antes de que remate o ano*
- *O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto polo que se establece este complemento extraordinario a favor das persoas beneficiarias das pensións non contributivas da Seguridade Social (PNC), das que perciben o Fondo de Asistencia Social (FAS) e das que cobran o subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM)*
- *A partida destinada ao complemento das pensións non contributivas figura por primeira vez nos orzamentos de 2011 como "crédito ampliable", polo que este orzamento se incrementará, de ser necesario, para dar cobertura a todo aquel que cumpra os requisitos*
- *Os pensionistas deberán cumprir dous requisitos: ter residencia habitual en Galicia e estar en situación de alta en nómina de pensións non contributivas na data de entrada en vigor do decreto, o día seguinte da súa publicación no DOG*
- *O compromiso do Goberno galego coas persoas en risco de exclusión non só se reflicte no mantemento deste complemento, senón que de cara a 2012 se incrementa a RISGA nun millón de euros e as AES en 100.000 euros*
- *O orzamento global destinado á inclusión aumentará en 2012 nun 1,5 por cento, de xeito que pasa dos 40,3 millóns aos 41 millóns*

Preto de 46.000 galegos e galegas se beneficiarán dun complemento extraordinario de 206 euros grazas ao proxecto de decreto autorizado hoxe polo Consello da Xunta polo que se establecen estas axudas sociais correspondentes ao ano 2011 a favor das persoas beneficiarias das pensións non contributivas da Seguridade Social (PNC), das que perciben o Fondo de Asistencia Social (FAS) e das que cobran o subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM). O Goberno galego destinará ao pagamento destes complementos extraordinarios máis de 9,5 millóns de euros.

A paga, que se aboará mediante un pagamento único antes do mes de xaneiro, será a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva; de persoas anciás e enfermas con incapacidade para o traballo beneficiarias de axudas periódicas individualizadas e das persoas que presentan unha minusvalidez e que son beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

O Goberno galego cumpre así o seu compromiso de renovar este complemento, que os pensionistas de Galicia cobrarán antes do mes de xaneiro.

A partida destinada ao complemento das pensións non contributivas figura por primeira vez nos orzamentos de 2011 como "crédito ampliable", polo que o orzamento se incrementará, de ser necesario, para dar cobertura a todo aquel que o necesite. Polo tanto, a Consellería de Traballo e Benestar garante que calquera persoa beneficiaria das pensións non contributivas recibirá este complemento sempre que cumpra cos requisitos recollidos na normativa.

Para os orzamentos de 2012 mantense a partida para este complemento extraordinario das pensións non contributivas e por segundo ano consecutivo figurará como crédito ampliable.

Para optar a estas axudas non é necesario que os beneficiarios presenten ningún tipo de solicitude nin facer ningún trámite adicional, xa que percibirán directamente o complemento extraordinario os que xa estean cobrando as pensións mencionadas. Así, na actualidade máis de 45.000 galegos e galegas se benefician das PNC, un total de 24 das FAS e preto de 700 do SGIM.

Para recibir estas axudas hai que cumprir dous requisitos: estar en situación de alta en nómina, é dicir, ser xa pensionista na data de entrada en vigor do decreto (o día seguinte da súa publicación no DOG) que autorizou hoxe a Xunta e ter a residencia habitual en Galicia. Deste xeito, o pagamento realizarase de oficio a todas as persoas beneficiarias que reúnan estes requisitos, para o cal se recorrerá á información contida na base de datos da Xunta de Galicia. O pagamento efectivo farase a través dunha transferencia bancaria na conta corrente onde as persoas beneficiarias teñan domiciliado o recibo ordinario da súa prestación.

Incremento no orzamento de inclusión

Neste contexto de complexidade económica, a Consellería de Traballo e Benestar tamén aumentará a partida destinada á renda de integración social de Galicia (RISGA) de cara ao 2012, tal e como se recolle nos novos orzamentos. En concreto, o seu financiamento incrementárase nun 4,3 por cento. Así, a partida inicial pasará dos 22,7 millóns de euros de 2011 aos 23,7 de 2012.

Hai que ter en conta, ademais, que no ano 2012 a partida da RISGA volverá figurar, por segundo ano consecutivo e ao igual que sucede no complemento das pensións, como crédito ampliable. Isto quere dicir que queda establecido na lei que a partida inicial se incrementará en función das necesidades para dar cobertura a todo aquel que cumpra os requisitos.

O compromiso do Goberno galego coas persoas en risco de exclusión non se reflicte só no aumento da RISGA, senón que o orzamento global destinado á inclusión aumentará en 2012 nun 1,5 por cento, de xeito que pasa dos 40,3 millóns aos 41 millóns.

Deste xeito, tamén se verá incrementado o orzamento destinado ás axudas de emerxencia social (AES) en 100.000 euros.

A XUNTA PORÁ EN MARCHA UNHA NOVA REDE DE EMERXENCIAS DE ÚLTIMA XERACIÓN OPERATIVA EN TODO O TERRITORIO GALEGO

- ***Grazas a un convenio de colaboración entre a Administración autonómica e a entidade pública empresarial RED.es aprobado hoxe no Consello do Goberno galego***
- ***Por primeira vez a Administración autonómica disporá dunha rede propia que integrará nun mesmo sistema todos os colectivos que participan nas emerxencias***
- ***Mellorará a coordinación e a xestión das situacións de emerxencia e a eficacia e a calidade do servizo ofrecido ao cidadáns nestas circunstancias***
- ***Empregará a tecnoloxía TETRA, a máis punteira para este tipo redes e que se caracteriza pola súa fiabilidade en situacións extremas ou de saturación***
- ***Esta rede porase á disposición doutros organismos públicos, como deputacións ou concellos, conseguindo, deste xeito, unha maior coordinación dos distintos servizos de emerxencia***
- ***Contará cun investimento de 6,5 millóns de euros ata 2013, dos cales a Xunta achegará preto de 2 millóns e o resto RED.es, grazas á contribución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder)***

A Xunta de Galicia contará cunha rede de emerxencias propia baseada nunha tecnoloxía punteira, operativa en todo o territorio galego e que garantirá a dispoñibilidade e a interconexión segura entre todos os colectivos que participan nas emerxencias. Así se recolle nun convenio de colaboración entre a Administración autonómica e a entidade pública estatal RED.es aprobado hoxe no Consello de Goberno galego.

O investimento ata 2013 será de 6.525.000 euros, dos cales 4.567.500 euros serán achegados pola entidade pública empresarial RED.es, grazas á contribución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), e 1.957.500 pola Xunta de Galicia a través da Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellaría do Medio Rural. Este orzamento permitirá chegar a unha cobertura do 85% en 2013.

O obxectivo do acordo, que asinarán os representantes das consellerías de Presidencia e Administracións Públicas e Medio Rural, e a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e a entidade pública empresarial RED.es, é crear unha rede dixital de emerxencias que facilitará unha intervención efectiva e eficaz dos efectivos implicados e que simplifica as tarefas de coordinación entre eles. A implantación desta nova rede de emerxencias redundará na mellora da eficacia e a calidade do servizo ofrecido ao cidadáns nestas circunstancias.

Tecnoloxía de última xeración

A creación da nova rede xorde ante a necesidade de actualizar a tecnoloxía analóxica que actualmente se emprega na rede de emerxencias, que non permite implementar novos servizos nin ten capacidade para soportar as necesidades actuais dos servizos de emerxencias. A rede empregará a tecnoloxía TETRA, a máis punteira para este tipo de comunicacións vinculadas á seguridade pública e recomendada a nivel europeo.

O novo sistema e caracterízase pola súa fiabilidade incluso en situacións extremas ou de saturación. Esta tecnoloxía garante a súa dispoñibilidade cando o resto de redes de telefonía móbil se colapsa, emprega dispositivos móbiles adaptados a condicións extremas e permite as comunicacións en grupo. Ademais, posibilita a incorporación de diversos servizos como localizar xeograficamente os efectivos vía GPS, envíos de sms a persoas ou grupos, envío de fotos, consulta de bases de datos ou a gravación de conversas.

Usuarios e xestión

Os organismos autonómicos que se integrarán inicialmente nesta rede son a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Dirección Xeral de Montes da Consellería de Medio Rural e a Consellería de Sanidade.

O número inicial de usuarios estimados entre efectivos de protección civil, Axega, policía autonómica, 112, dispositivos antiincendios, Grumir, bombeiros e 061 é de 5.000, que se prevé que cheguen aos 8.000 nun período de 3 a 5 anos. Esta rede porase á disposición doutros organismos públicos, como deputacións ou concellos, e conseguírase, deste xeito, unha maior coordinación dos distintos servizos de emerxencias.

Para crear a nova rede de emerxencias despregaranse infraestruturas de telecomunicacións, para o que se aproveitarán as implantadas no marco do Plan de Banda Larga e as redes do operador público Retegal, o que permite axustar en gran medida o orzamento destinado a esta iniciativa. A empresa pública será a encargada de xestionar a rede dixital de emerxencias.

A APLU PRESTARÁ OS SEUS SERVIZOS URBANÍSTICOS AO CONCELLO DE PANTÓN, EN LUGO, TRAS A AUTORIZACIÓN DA SÚA ADHESIÓN

- ***O municipio delega neste organismo o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística dos solos rústico e urbanizable, así como nos núcleos rurais***
- ***Os ingresos das multas coercitivas e sancións impostas serán repartidos a partes iguais entre a Administración autonómica e o concello***
- ***Con esta adhesión serían 56 os convenios autorizados polo Consello da Xunta, o que supón unha superficie de máis de 4.000 km² e un beneficio para case 253.000 habitantes***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de adhesión entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o concello lugués de Pantón. En virtude deste acordo, o municipio de Pantón delega na Axencia da Legalidade Urbanística o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunhas das seguintes clases de solo: rústico e urbanizable, mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

A APLU é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo, e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Ingresos compartidos

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante ao concello.

Cómpre sinalar que a Axencia exercerá estas responsabilidades desde o día seguinte ao da publicación do convenio no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e considérase que a vixencia do convenio será indefinida. Nesta delegación de competencias non se inclúe a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo concello. A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos emitidos pola Axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderá ao Concello.

Por último, o Concello debe prestar a cooperación e asistencia activa que o organismo autonómico solicite, co fin de levar a cabo un eficaz exercicio das súas competencias; terá tamén que facilitarlle ao persoal da axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como tanta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións; e contribuír ao sostemento económico da Axencia nos termos que establece o citado convenio de adhesión.

Concellos adheridos á APLU

Con esta nova adhesión serían 56 os convenios autorizados polo Consello da Xunta. Con isto, a APLU xestiona actualmente 4.046 quilómetros cadrados de superficie correspondentes aos municipios adheridos: 16 na Coruña, 9 en Lugo, 20 en Ourense e 11 en Pontevedra, o que supón 252.938 habitantes.

Concello	Poboación	Territorio (quilómetros ²)
A CORUÑA		
A BAÑA	4528	98
A CAPELA	1439	58
ARES	5628	18,3
ARZÚA	6484	155,4
BOIMORTO	2348	82,4
CABANAS	3105	30
CARIÑO	4617	46,8
CEDEIRA	7511	85,4
DODRO	3024	36,1
LOUSAME	3702	93,6
MIÑO	5628	33
MUGARDOS	5605	12,8
OROSO	6804	72,1
PORTO DO SON	9867	94,6
TOQUES	1416	77,9
VAL DO DUBRA	4481	108,7
LUGO		



BECERREÁ	3276	172,1
BEGONTE	3538	126,8
CASTROVERDE	3110	174,2
LOURENZÁ	2569	62,6
O SAVIÑO	4570	196,6
PANTÓN	2938	146
RIBEIRA DE PIQUÍN	723	73
TRABADA	1436	82,7
O VALADOURO	2209	110,5
OURENSE		
AMOEIRO	2318	39,7
CARBALLEDA DE AVIA	1607	47
CASTRELO DE MIÑO	1981	39,7
CASTRELO DO VAL	1240	122
CORTEGADA	1367	26,9
ENTRIMO	1406	84,5
GOMESENDE	1048	28,3
MACEDA	3153	102
MASIDE	3087	40
O BARCO DE VALDEORRAS	14040	85,7
PADERNE DE ALLARIZ	1597	38,8
PARADA DE SIL	729	62,4
PETÍN	1042	30,5
PIÑOR	1430	52,7
SAN AMARO	1335	28,9
TABOADELA	1690	25,2
VERÍN	14237	94,1
VILAMARÍN	2254	56,1
VILARDEVÓS	2382	152,1
PUNXÍN	861	17,1
PONTEVEDRA		
A GUARDA	10404	20,5



CUNTIS	5172	79,8
MEAÑO	5475	27,8
MORAÑA	4349	41,3
NIGRÁN	17869	34,8
OIA	3192	83,3
PONTECESURES	3116	6,7
VILABOA	5935	36,9
FORCAREI	4108	168,4
CALDAS DE REIS	10036	68,2
PONTEAREAS	23316	125,6
TOTAL	252.938	4.046

A XUNTA IMPULSA A MELLORA DA SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA COA APROBACIÓN DA LIÑA O CORGO-TRICASTELA EN LUGO

- ***O Consello da Xunta aproba unha liña de alta tensión, que mellorará significativamente a calidade da subministración nos concellos do Corgo, Baralla, Becerreá e Triacastela, con máis de 40.000 usuarios***
- ***A posta en marcha desta infraestrutura suporá a mobilización de investimentos na zona de 2,3 millóns de euros***
- ***A Xunta promove as iniciativas das empresas distribuidoras de cara a facer posible a mellora da calidade da subministración de enerxía eléctrica nos concellos galegos, a través da mellora da rede de distribución***

O Goberno galego impulsa a mellora da calidade da subministración eléctrica dos concellos lucenses do Corgo, Baralla, Becerreá e Triacastela, con máis de 40.000 usuarios. O Consello da Xunta de Galicia aprobou definitivamente o proxecto da liña de alta tensión "Refundición da liña de alta tensión 132 kV O Corgo-Triacastela", que suporá a mobilización de investimentos na zona por preto 2,3 millóns de euros.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria, promove as iniciativas das empresas distribuidoras de cara a facer posible a mellora da calidade da subministración de enerxía eléctrica nos concellos galegos, a través da mellora da configuración da rede de distribución nas zonas que o precisan.

Este proxecto de incidencia supramunicipal incidirá positivamente na calidade da subministración destes concellos lucenses, xa que a construción da LAT entre as subestacións do Corgo e Triacastela proporciona un mallado da rede de distribución da zona. Este mallado ten unha dobre vantaxe; desde o punto de vista da xeración, esta liña aumenta a capacidade de conexión de novos produtores na zona, xa que incrementa a potencia de cortocircuíto da rede, ademais de dotala dunha maior seguridade ante fallo doutras liñas.

Por outra banda, desde o punto de vista do consumo, incrementa os niveis de calidade e seguridade da subministración, xa que proporciona unha alimentación alternativa á que actualmente teñen subestacións como Cementos Oural, Triacastela, Monforte, Sarria e Corgo.

O obxectivo das iniciativas fomentadas polo Goberno galego neste eido é potenciar as infraestruturas de subministración de enerxía eléctrica, especialmente en zonas onde cómpre mellorar a calidade do servizo, contribuíndo ao desenvolvemento económico destes territorios, así como á integración e equilibrio territorial e á mellora das condicións de vida dos galegos.

ECONOMÍA E INDUSTRIA FOMENTA A XERACIÓN DE ENERXÍA EÓLICA DE PEQUENA POTENCIA NOS PORTOS GALEGOS

- ***O Instituto Enerxético de Galicia asinará un convenio con Portos de Galicia para o estudo da posibilidade de implantar instalacións eólicas en tres portos da comunidade***
- ***A actuación encádrase dentro da estratexia da Xunta de Galicia de aposta polas fontes renovables e o aforro e a eficiencia enerxética, que suman un total de 58,1 millóns de euros de investimento no que vai de lexislatura, o que xera a mobilización de investimentos por valor de 167,6 millóns***
- ***Con esta acción perséguese a incorporación de fontes enerxéticas menos contaminantes e a redución do consumo de enerxía nos portos***

O Consello da Xunta autorizou hoxe ao Instituto Enerxético de Galicia (Inega), ente adscrito á Consellería de Economía e Industria, a sinatura dun convenio de colaboración con Portos de Galicia e co Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía (IDAE) para a realización dun estudo que analice a capacidade de integración da enerxía eólica de pequena potencia –ata 100 kW- nos portos de Galicia.

Esta actuación, para a que se achegan un total de 55.000 euros, encádrase dentro do fomento das enerxías renovables e do Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética 2011-2013 nas administracións públicas galegas, co que o Goberno galego pretende acadar un aforro de ata o 40% no consumo de enerxía final.

Sobre a base destas actuacións, a consellería que dirixe Javier Guerra leva investidos no que vai de lexislatura 58,1 millóns de euros, que xeran a mobilización de investimentos por valor de 167,6 millóns e un aforro económico de 89,6 millóns de euros.

O presente acordo permitirá a selección de tres portos da comunidade –Rías Altas, Medias e Baixas- nos cales se fará unha análise dos custos asociados a este tipo de instalacións e se definirá un proxecto tipo para cada un.

A Consellería de Economía e Industria persegue, así, adecuar o consumo de enerxía nos portos da comunidade, establecendo para iso o marco base de colaboración que favoreza as relacións entre as partes implicadas.

Deste xeito, ademais de analizar a demanda eléctrica dos portos e a viabilidade técnico-económica dos proxectos, emitirase un informe final que recollerá as posibilidades de desenvolvemento destes, permitindo coñecer a repercusión que sobre a xestión dos portos ten a implantación de eólica de baixa potencia.

A aposta polas fontes renovables, xunto co aforro e a eficiencia, son obxectivos estratéxicos da política enerxética da Xunta, que se centra en impulsar a redución do alto consumo enerxético, a diminución das emisións de CO₂, a creación dun tecido industrial e o aforro económico que leva aparellado.

A XUNTA APOIA O LABOR DE 24 INVESTIGADORES EN ORGANISMOS PÚBLICOS E PRIVADOS CON PRETO DE 1,5 MILLÓNS DE EUROS

- ***Economía e Industria poderá financiar a concesión de prórrogas de dous anos nos programas Isidro Parga Pondal e Isabel Barreto***
- ***Estas iniciativas de formación de investigadores e tecnólogos encádranse no Plan de Investigación, Innovación e Crecemento (i2C), dentro do eixe estratéxico relativo á xestión do talento***
- ***A Xunta promove a inserción de doutores cunha formación investigadora acreditada en organismos públicos e privados nacionais ou estranxeiros e a incorporación de tecnólogos e axentes de innovación de I+D+i***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou a Consellería de Economía e Industria para fixar os compromisos de gasto destinados a apoiar o labor de 24 investigadores en organismos públicos e privados, cunha dotación orzamentaria de preto de 1,5 millóns de euros. Deste xeito, Economía e Industria poderá financiar a concesión de prórrogas de dous anos nos programas Isidro Parga Pondal e Isabel Barreto.

Estas iniciativas de formación de investigadores e tecnólogos encádranse no Plan de Investigación, Innovación e Crecemento (i2C), dentro do eixe estratéxico relativo á xestión do talento, na liña de actuación de apoio á carreira investigadora, co fin de garantir os instrumentos de apoio ao seu desenvolvemento.

Neste sentido, o Isidro Parga Pondal ten como finalidade a inserción de doutores cunha formación investigadora acreditada en organismos científicos públicos e privados nacionais ou estranxeiros, mentres que o programa Isabel Barreto ten como obxectivo a incorporación de tecnólogos e axentes de innovación e de xestión de proxectos de I+D+i, coa finalidade de fortalecer a capacidade investigadora dos centros de I+D.

Deste xeito, a Xunta de Galicia continúa a desenvolver a estratexia definida ao abeiro do i2C, cunha política dirixida a impulsar a competitividade e a apertura da economía galega, con iniciativas destinadas a fomentar o crecemento da economía galega, a través da innovación e mais da investigación.

SANIDADE COLABORARÁ COAS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS EN MATERIA DOCENTE, ASISTENCIAL E DE INVESTIGACIÓN

- ***O Consello da Xunta autoriza a prórroga dos concertos subscritos entre o Servizo Galego de Saúde e as universidades de Santiago, A Coruña e Vigo, asinados no ano 2001***

A Consellería de Sanidade vai destinar ás tres universidades galegas, para o período correspondente ao segundo semestre do presente ano e o primeiro do vindeiro, a cantidade de 6.071.842,18 euros, no marco da utilización das institucións sanitarias na investigación e docencia universitarias.

Para tal efecto, o Consello da Xunta autorizou a prórroga dos concertos subscritos entre o Servizo Galego de Saúde e as universidades de Santiago, A Coruña e Vigo, asinados no ano 2001, para colaborar nos aspectos docentes, asistenciais e de investigación.

Así, grazas a esta colaboración entre as tres universidades galegas e o Servizo Galego de Saúde coopérase, entre outros obxectivos, no mantemento da cualificación dos profesionais da saúde ao seu máis alto nivel e trabállase para que as investigacións e ensinanzas universitarias relacionadas coas ciencias da saúde poidan ser utilizadas para a mellora constante da atención sanitaria.

Ademais, poténciase a investigación das ciencias da saúde, coordinando as actividades das Universidades coas das institucións sanitarias para unha mellor utilización dos recursos humanos.

Igualmente, favorécese o desenvolvemento de departamentos universitarios nas áreas da saúde, potenciando a súa coordinación coas unidades de investigación dos hospitais e demais centros sanitarios.

BENESTAR FINANCIARÁ 110 PRAZAS PÚBLICAS RESIDENCIAIS NOS CONCELLOS DE VILAGARCÍA, VILANOVA, A ILLA E CATOIRA PARA PERSOAS DEPENDENTES

- ***A Consellería de Traballo e Benestar licitará as prazas por un orzamento que supera os 4,6 millóns de euros ano por ano, desde 2012 ata 2014***
- ***O financiamento destas prazas farase extensivo a outras zonas da provincia de Pontevedra no caso de que non se cubran todas as prazas na área de Vilagarcía, Vilanova, A Illa de Arousa e Catoira***
- ***O Goberno galego puxo en marcha desde o inicio da lexislatura preto de 1.200 prazas públicas residenciais para maiores dependentes na Comunidade Autónoma***
- ***O novo mapa de infraestruturas sociais de Galicia define Pontevedra como área prioritaria de actuación para a posta en marcha de prazas públicas residenciais***

A Consellería de Traballo e Benestar financiará 110 prazas públicas residenciais para persoas maiores dependentes nos concellos de Vilagarcía, Vilanova, A Illa de Arousa e Catoira. O departamento autonómico destinará máis de 4,6 millóns de euros ao ano para o mantemento destas prazas públicas desde 2012 ata 2014. A Xunta sacará a concurso nos próximos días o concerto destas prazas.

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a esta actuación coa que a Xunta de Galicia mantén para os próximos tres anos as 110 prazas residenciais que xa viña financiando nesta zona. Como novidade, e no caso de que as 110 prazas non se cubran nesta área, o concurso farase extensivo a outras zonas da provincia de Pontevedra. En concreto, a licitación estenderase a Ribadumia, Cambados; Caldas de Reis, Valga, Pontecesures, Portas e Moraña; Poio, Vilaboa, Marín e Bueu; Vigo; Cangas, Moaña, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Soutomaior e Salvaterra de Miño.

Esta actuación está enmarcada no compromiso do Goberno galego por manter e incrementar o número de prazas públicas de persoas en situación de dependencia na medida en que responde a unha necesidade real e é demandado polos propios usuarios.

O Goberno galego puxo en marcha desde o inicio de lexislatura preto de 1.200 novas prazas públicas para maiores dependentes na Comunidade Autónoma.

Cabe lembrar que a Xunta planificou as infraestruturas sociais residenciais ata 2020 cunha nova ferramenta que define 6 áreas prioritarias. A primeira zona que se priorizará estará conformada polos concellos próximos a Santiago e Pontevedra.

Trátase dunha nova ferramenta que supera os modelos anteriores e na cal se teñen en conta diversos criterios de planificación como a poboación, a evolución das persoas dependentes, as súas preferencias e a territorialización dos resultados, co fin de realizar,

de cara a 2020, unha planificación real e obxectiva da necesidade das prazas residenciais para actuar tanto a curto como a medio e longo prazo.

Por primeira vez en España esta modificación supera as proxeccións tradicionais que só se baseaban na poboación maior de 65 anos.

O CONSELLO AUTORIZA A SINATURA DUN CONVENIO CO CEGACOL PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DE CONTROL LEITEIRO OFICIAL

- ***Con este acordo concrétase e cuantifícase o apoio do Goberno galego ao programa de mellora xenética do gando produtor de leite, entendendo o lácteo como sector estratéxico***
- ***A súa dotación orzamentaria ascende a 3,2 millóns de euros ata o ano 2015***

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería do Medio Rural a sinatura dun convenio co Centro Galego de Control Leiteiro (CEGACOL) para financiar as actividades de control leiteiro oficial, no marco do Programa de mellora xenética do frisón de Galicia. O CEGACOL foi creado en virtude do Decreto 120/2011, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica responsable do funcionamento do control leiteiro oficial.

Con este convenio concrétase e cuantifícase o apoio do Goberno galego ao programa de mellora xenética do gando produtor de leite, entendendo o lácteo como sector estratéxico. A súa dotación orzamentaria ascende a 3,2 millóns de euros ata o ano 2015.

O documento autorizado hoxe garante o apoio da Xunta ás asociacións provinciais de control de rendemento leiteiro que constitúen o CEGACOL nos vindeiros catro anos. Esta colaboración calcúlase proporcionalmente ao número de lactacións controladas en cada provincia e outorga un marco de estabilidade necesario para o mellor desenvolvemento dos labores de control, imprescindibles para o correcto desenvolvemento do Programa de mellora xenética do frisón galego.

O SERGAS ABRE O PRAZO PARA PRESENTAR PROPOSTAS DE PERSOAL EMÉRITO SANITARIO PARA O ANO 2012

- ***Esta figura supón un recoñecemento a aqueles profesionais que, unha vez chegada a idade de xubilación, acrediten méritos relevantes na súa traxectoria***

O Servizo Galego de Saúde vai abrir o prazo para que sexan presentadas as propostas de nomeamento de persoal emérito para o ano 2012. Neste sentido, as xerencias de xestión integrada, de atención especializada ou de atención primaria deberán iniciar, se é o caso, os procedementos para a designación destes profesionais. Poderán ser nomeados como máximo tres profesionais para o vindeiro ano.

Pola súa banda, as corporacións e institucións públicas relacionadas co ámbito sanitario poderán presentar as solicitudes de nomeamento de persoal emérito ante as xerencias de xestión integrada, directores xerentes de atención especializada ou de atención primaria.

Transcorrido un ano desde a última convocatoria, cómpre sinalar a exitosa experiencia dos primeiros nomeamentos de persoal emérito que permitiu que profesionais de ampla experiencia e prestixio profesional continúen proporcionando os seus valiosos coñecementos e habilidades á sanidade pública galega a través desta figura.

O Decreto 36/2010, do 11 de marzo, crea, no ámbito da Comunidade Autónoma, a figura do persoal emérito sanitario, que supón un recoñecemento a aqueles profesionais licenciados sanitarios que, unha vez chegada a idade de xubilación, acrediten méritos relevantes na súa traxectoria profesional.

O nomeamento como persoal emérito, ademais do recoñecemento da excelencia profesional, implica a prolongación da actividade dos profesionais nomeados e a continuidade da súa vinculación cos centros en que prestaron servizos, en programas específicos de consultoría, deseño e asesoría en materia docente ou investigadora, así como en programas de calidade asistencial e de relacións institucionais e comunitarias, de xeito que a súa experiencia e coñecementos revertan no sistema.

Os primeiros eméritos do Servizo Galego de Saúde foron Fernando Diz-Lois Martínez e Ovidio Fernández Álvarez, por concorrer en cada un deles o prestixio e a traxectoria profesional necesarios para constituír un referente no ámbito da sanidade galega. En ambos os casos, se trata de persoas que destacan pola súa excelencia e dedicación á mellora da calidade asistencial e á atención aos pacientes nos centros hospitalarios onde desenvolveron a súa actividade.

O CLUSTER SAÚDE DE GALICIA CONTRIBÚE AO DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E SOCIAL DA COMUNIDADE A TRAVÉS DA COOPERACIÓN ENTRE INSTITUCIÓNS E EMPRESAS RELACIONADAS COA SANIDADE

- ***A través del incrementase a capacidade de investigación, desenvolvemento e innovación da Comunidade Autónoma***

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, deu conta hoxe aos membros do Consello de Galicia da constitución do Cluster Saúde de Galicia, que ten por obxectivo a dinamización da competitividade da Comunidade Autónoma, contribuíndo ao seu desenvolvemento económico e social a través da cooperación entre as institucións e empresas públicas e privadas relacionadas coa saúde e a sanidade, impulsando a excelencia empresarial no sector.

O cluster nace como unha aposta pola innovación e a internacionalización das empresas e centros de coñecemento da Comunidade Autónoma. Desta forma, a Consellería de Sanidade impulsa, por medio del, que o tecido empresarial galego poida aproveitar as oportunidades que lle brindan os fondos rexionais, nacionais e europeos en materia de investigación, desenvolvemento e innovación.

A través deste cluster preténdese ofrecer novas oportunidades de servizos para os usuarios, tras a adquisición dun alto nivel de competitividade empresarial mediante a realización de proxectos de carácter innovador que agrupen empresas, centros de investigación, entidades e institucións relacionadas coa saúde e a sanidade.

Así, incrementase a capacidade de investigación, desenvolvemento e innovación da Comunidade Autónoma, promovendo un novo esquema industrial que facilite o desenvolvemento de produtos e servizos e a experiencia clínica; consolídanse as relacións existentes e créanse novos vínculos entre os diferentes actores (Administración, empresas e centros xeradores de coñecemento) como verdadeiro pulo á innovación; e incrementase a actividade nas empresas do sector.

Ademais, créase un contorno para o desenvolvemento de empresas e para atraer novas organizacións e institucións; atráese, retense e foméntase a interacción do coñecemento e dos mellores profesionais do sector sanitario e da saúde; contribúese á creación de riqueza, garantindo a sustentabilidade do sistema sanitario; internacionalízase o acceso a novos sectores e mercados xeográficos; e estrutúrase a cadea de valor sectorial en Galicia.

Os membros fundadores do Cluster Saúde de Galicia, baixo o liderazgo da Consellería de Sanidade, son as entidades públicas Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria (Fegas), Galaria; os centros de investigación Fundación Xenómica e CiberOBN; as compañías alimentarias Pescanova Alimentación, S.A. e Feiraco; e as empresas Telefónica, Arteixo Telecom, Coremain (tecnolóxicas); Advancell, Cembimo,

Nanoinmunotech (biotecnolóxicas); e Povisa, Zygos e Severiano Gestión (de servizos sanitarios). A estes hai que engadir xa seis máis, que son as tres universidades galegas, PharmaMar, Biofabri e Cosman Fábrica de Mobles.